

ACTA NÚMERO: 40/2024

ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO DÍA 28 DE NOVEMBRO DE 2024.

Na sala de comisións do Pazo Provincial sendo as 10 horas do día 28 de novembro de 2024 reúnense os membros da Mesa de Contratación que a continuación se relacionan:

Presidenta: D María Pilar Ramallo Vázquez, Deputada do Grupo Provincial do Partido Popular.

Vogais da Mesa de Contratación:

- D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario da Deputación.
- D. Antonio Graña Gómez, Interventor da Deputación.
- D. Jaime David Ruibal de Sola, Xefe da Sección de Proxectos de Infraestruturas e Vías Provinciais.
- D. José Antonio Gulías Varela, Técnico de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.
- Dona Yolanda Lois Peón, Técnica de Xestión Documental do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio

Secretario: D. Pablo Montero Carrera, Xefe do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

ORDE DO DÍA:

1. Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día 21 de novembro de 2024 (Reunión 39/2024).
2. Apertura electrónica dos sobres "A" correspondente a documentación administrativa do procedemento aberto convocado para contratación do servizo de evolución e xestión de Smartpeme e oficinas Acelera Pyme Rural (OAPR). (Expte.- 2024002269).
3. Apertura electrónica dos sobres "B", correspondentes a documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto convocado para contratación do servizo de evolución e xestión de Smartpeme e oficinas Acelera Pyme Rural (OAPR). (Expte.- 2024002269).

FORA DA ORDE DO DÍA: (Previa aprobación da declaración da urxencia)

- *Apertura electrónica dos sobres "únicos" correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios automáticos, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de redacción do proxecto de conservación e restauración dos elementos de valor artístico sobre os que se prevea actuar no proxecto básico e de execución "Rehabilitación e ampliación do recinto conventual de Santa Clara para uso destinado a Museo de Pontevedra" (Expte. 2024066951).*

Non asisten os vogais permanentes da Mesa de Contratación, Dona María Ortega Iñarrea, Deputada do grupo provincial do BNG, Don Gregorio Luís Agís Gómez, Deputado do Grupo Provincial do PSdeG e D. Gabriel Rodríguez Alonso, Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal.

Declarada aberta a reunión da Mesa de Contratación de orde da Presidenta, os asistentes manifestan que non teñen directa ou indirectamente un interese financeiro,



económico ou persoal que comprometa a súa imparcialidade e independencia sobre os asuntos que figuran na orde do día.

1. Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día 21 de novembro de 2024 (Reunión 39/2024).

Os membros que forman parte da Mesa de Contratación que estiveron presentes na reunión votan a favor da aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día 21 de novembro de 2024 (Reunión 39/2024).

2. Apertura electrónica dos sobres “A” correspondente a documentación administrativa do procedemento aberto convocado para contratación do servizo de evolución e xestión de Smartpeme e oficinas Acelera Pyme Rural (OAPR). (Expte.- 2024002269).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que, por Acordo da Xunta de Goberno nº 8.34296, de data 24/10/2024, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto, do “Servizo de *evolución e xestión da rede Smartpeme e oficinas Acelera Pyme Rural (OAPR)*”.

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 27/10/2024. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica VORTAL que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descriptación e descarga da documentación dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa, presentada polas empresas ó devandito procedemento.



Unha vez descargada a documentación administrativa, a Mesa de Contratación acorda admitir á única empresa que presentou oferta:

- KPMG Asesores SL (CIF B-82.498.650)

3. Apertura electrónica dos sobres “B”, correspondentes a documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto convocado para contratación do servizo de evolución e xestión de Smartpeme e oficinas Acelera Pyme Rural (OAPR). (Expte.- 2024002269).

O Secretario informa que a Mesa de Contratación na reunión do día 28 de novembro de 2024 acaba de proceder a efectuar a apertura electrónica dos sobres “A” correspondente a documentación administrativa do procedemento aberto convocado para contratación do servizo de evolución e xestión de Smartpeme e oficinas Acelera Pyme Rural (OAPR), sendo a única empresa presentada e admitida a seguinte:

- KPMG Asesores SL (CIF B-82.498.650)

A continuación o Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma de licitación electrónica VORTAL mediante a súa clave persoal, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procede á descriptación e descarga da documentación do sobre “B” correspondente aos criterios avaliables mediante xuízos de valor da oferta presentada pola empresa KPMG Asesores SL (CIF B-82.498.650) ao ser a única empresa presentada e admitida e acorda trasladar dita documentación, ao persoal técnico do Servizo de Novas Tecnoloxías para que procedan a súa ponderación e avaliación seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto.

FORA DA ORDE DO DÍA e previa aprobación por unanimidade da declaración da urxencia tratouse o seguinte asunto:

Asunto: *Apertura electrónica dos sobres “únicos” correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios automáticos, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de redacción do proxecto de conservación e restauración dos elementos de valor artístico sobre os que se prevea actuar no proxecto básico e de execución “Rehabilitación e ampliación do recinto conventual de Santa Clara para uso destinado a Museo de Pontevedra” (Expte. 2024066951).*



O Secretario da Mesa de Contratación informa que por Resolución Presidencial número 2024008641 de data 08 de novembro de 2024 aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, da contratación do servizo de redacción do proxecto de conservación e restauración dos elementos de valor artístico sobre os que se prevea actuar no proxecto básico e de execución *"rehabilitación e ampliación do recinto conventual de Santa Clara para uso destinado a Museo de Pontevedra"*.

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 11 de novembro de 2024. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia da Plataforma de Contratación do Sector Público, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á Mesa de Contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descriptación e descarga da documentación dos sobres correspondente á documentación administrativa e ofertas presentadas polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación dos sobres únicos, a única empresaria presentada foron foi a seguinte:

- ESTER GONZÁLEZ ORTEGA (NIF: 50184057N)

Os valores ofertados foron os seguintes:

ESTER GONZÁLEZ ORTEGA (NIF: 50184057N)

1. Prezo ofertado:

Importe sen IVE:	13.879,11 €
IVE (21 %):	2.914,61 €
Prezo co IVE:	16.793,72 €



2. **Experiencia profesional do redactor/a en proxectos de restauración de bens inmobles ou mobles de edificacións BIC ou similar ou edificacións que conteñan elementos de valor artístico (sinalar cun X a que corresponda):**

Experiencia do redactor/a en proxectos de restauración de bens inmobles ou mobles de edificacións BIC ou similar ou edificacións que conteñan elementos de valor artístico	Sinalar cun X
3 proxectos firmados	X
2 proxectos firmados	
1 proxecto firmado	
0 proxectos firmados	

3. **Experiencia profesional do redactor/a en proxectos de restauración de elementos que forman parte dunha edificación e que están considerados de valor artístico como é o caso dos teitos decorados con ornamentacións, as bóvedas, as columnas, entre outros (sinalar cun X a que corresponda):**

Experiencia do redactor/a en proxectos de restauración de elementos que forman parte dunha edificación e que están considerados de valor artístico como é o caso dos teitos decorados con ornamentacións, as bóvedas, as columnas, entre outros.	Sinalar cun X
3 proxectos firmados	
2 proxectos firmados	
1 proxecto firmado	X
0 proxectos firmados	

4. **Experiencia profesional do redactor/a en proxectos de restauración integrais (pinturas, carpinterías, bens inmobles, bens mobles, materia etnográfico, entre outros) (sinalar cun X a que corresponda):**

Experiencia do redactor/a en proxectos de restauración integrais (pinturas, carpinterías, bens inmobles, bens mobles, materia etnográfico, entre outros)	Sinalar cun X
3 proxectos firmados	
2 proxectos firmados	
1 proxecto firmado	
0 proxectos firmados	X

5. **Experiencia profesional do redactor/a en traballos de restauración e asesoramento técnico en proxectos de rehabilitación de áreas históricas e/ou edificios (sinalar cun X a que corresponda):**

Experiencia do redactor/a en traballos de restauración e asesoramento técnico en proxectos de rehabilitación de áreas históricas e/ou edificios	Sinalar cun X
Participación nun asesoramento técnico de 3 proxectos	X
Participación nun asesoramento técnico de 2 proxectos	
Participación nun asesoramento técnico de 1 proxecto	



Non participa en asesoramento técnico de proxectos	
--	--

6. Experiencia profesional do redactor/a superior a 5 anos (sinalar cun X a que corresponda):

Experiencia do redactor/a en traballos superior a 5 anos	Sinalar cun X
Experiencia no sector de 10 anos ou superior	X
Experiencia no sector de 8 anos	
Experiencia no sector de 7 anos	
Experiencia no sector de 6 anos	

De conformidade co establecido no PCAP para o cálculo das ofertas económicas presentadas polas empresas admitidas neste procedemento, a Mesa de Contratación procedeu á efectuar a valoración das ofertas obtendo o seguinte resultado:

	ESTER GONZÁLEZ ORTEGA (NIF: 50184057N)
1. Menor prezo ofertado, sen IVE. <i>Máximo 49 puntos.</i>	34,300 puntos
2. Experiencia profesional do redactor/a en proxectos de restauración de bens inmobles ou mobles de edificacións BIC ou similar ou edificacións que conteñan elementos de valor artístico <i>Máximo 10 puntos.</i>	10,000 puntos
3. Experiencia profesional do redactor/a en proxectos de restauración de elementos que forman parte dunha edificación e que están considerados de valor artístico como é o caso dos teitos decorados con ornamentacións, as bóvedas, as columnas, entre outros. <i>Máximo 10 puntos.</i>	3,000 puntos
4. Experiencia profesional do redactor/a en proxectos de restauración integrais (pinturas, carpinterías, bens inmobles, bens mobles, materia etnográfico, entre outros). <i>Máximo 10 puntos.</i>	0,000 puntos
5. Experiencia profesional do redactor/a en traballos de restauración e asesoramento técnico en proxectos de rehabilitación de áreas históricas e/ou edificios. <i>Máximo 10 puntos.</i>	10,000 puntos
6. Experiencia profesional do redactor/a superior a 5 anos. <i>Máximo 11 puntos.</i>	0,000 puntos*
TOTAL PUNTUACION SOBRE ÚNICO (<i>Ata un máx. de 100 puntos</i>)	57,300 puntos

*No Anexo I, no apartado relativo ao criterio referido, a empresa achega unha relación de proxectos nos que participou, pero non aporta a documentación acreditativa da realización dalgúns dos proxectos sinalados, polo que non se outorgará a puntuación correspondente ao criterio.

A Mesa de Contratación acorda:



1. Admitir a empresaria, ESTER GONZÁLEZ ORTEGA (NIF: 50184057N), no procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de redacción do proxecto de conservación e restauración dos elementos de valor artístico sobre os que se prevea actuar no proxecto básico e de execución *"Rehabilitación e ampliación do recinto conventual de Santa Clara para uso destinado a Museo de Pontevedra"*:

2. Aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de redacción do proxecto de conservación e restauración dos elementos de valor artístico sobre os que se prevea actuar no proxecto básico e de execución *"Rehabilitación e ampliación do recinto conventual de Santa Clara para uso destinado a Museo de Pontevedra"*.

POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
1ª	ESTER GONZÁLEZ ORTEGA (NIF: 50184057N)	57,300 puntos

3. Propor ó órgano de contratación a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de redacción do proxecto de conservación e restauración dos elementos de valor artístico sobre os que se prevea actuar no proxecto básico e de execución *"rehabilitación e ampliación do recinto conventual de santa clara para uso destinado a Museo de Pontevedra"* á empresa ESTER GONZÁLEZ ORTEGA (NIF: 50184057N), que alcanzou a maior puntuación de acordo cos prezos e valores ofertados.

A Mesa de Contratación comproba que ESTER GONZÁLEZ ORTEGA (NIF: 50184057N), proposta como adxudicataria, figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, que está debidamente constituída e non está incurso en ningunha prohibición de contratar.

4. Facultar ó Secretario da Mesa de Contratación para que proceda a requirirille á empresa ESTER GONZÁLEZ ORTEGA (NIF: 50184057N), proposta como adxudicataria, mediante comunicación electrónica, para que presente o resto de documentación esixida, de conformidade co establecido no artigo 159.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

De non cubrirse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado entenderase que a empresaria licitadora retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a esixirle o importe do 3% do orzamento base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

Non producíndose ningunha incidencia digna de apuntar, dáse por terminado o acto as dez horas e dezaseis minutos, e esténdese a presente Acta, que asinan comigo, o Secretario, a Presidenta da Mesa de Contratación.

